



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

ACTA 2 RESULTADO APROBACIÓN DEFINITIVA SELECCIÓN PEÓN CONDUTOR

Proceso selectivo para a contratación de Un Peón-Condutor Forestal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello

Expediente Tedec: 2026/E001/000018;2026/A008/000014

Data: 15.07.2026

Hora comezo:09.30

Hora finalización: 09:45

ASISTENTES:

Presidenta: Andrea Muíño Quintáns, normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra.

Vogais:

- Ana Lucía Calviño Canedo, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Val do Dubra.
- Mª Inés Iglesias Dominguez, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra.
- Jesús Carlos Nieto Vilas, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.

Secretaria: María de los Ángeles Vaquero Boquete, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra.

Constituído validamente o Tribunal, procédese ao desenvolvemento das actuacións previstas nas bases da convocatoria.

ANTECEDENTES:

Unha vez rematadas todas as fases do proceso de selección e revisados os resultados das probas realizadas, así como rematado o prazo de alegacións o Tribunal fai constar o seguinte:

PRIMEIRO. Que para a correcta constitución da brigada é necesaria a contratación dos seguintes postos:

- 1 Xefe/a de Brigada.
- 1 Peón/Peoa Condutor/a.
- 3 Peóns/Peoas.

SEGUNDO. Que ningún dos aspirantes aos postos de **Peón/Peoa Condutor/a** superou as probas establecidas nas bases da convocatoria.

TERCEIRO. En consecuencia, o Tribunal acorda propoñer que o proceso selectivo se declare deserto, ao non ser posible constituír a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais nas condicións esixidas polas bases da convocatoria e pola normativa aplicable, xa que non se dispón do número mínimo de efectivos necesarios para a constitución da brigada nas condicións previstas na na convocatoria e na correspondente subvención,;

O Tribunal fai constar esta circunstancia para os efectos oportunos e eleva o expediente ao órgano competente para que adopte a resolución que proceda respecto da cobertura de prazas.

E para que así conste, esténdese a presente acta, que é asinada polos membros do Tribunal Cualificador no lugar e data indicados.

A Presidente/a do Tribunal

Asdo.:

A secretaria

Asdo.: